



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

DENDE 1942

**Ven a Coñecernos
¡AVENTURATE!**

Montañas, fragas, prados, regatos, lagoas, rochas, covas, neve... farante apreciar cos cinco sentidos a súa beleza natural, pois constitúen magníficos lugares de recreo e aventura. Con nós descubrirás un novo punto de vista das montañas, do deporte, da natureza, da cultura e de todo o que os relaciona
¡O sentir dos montañeiros!

ACTIVIDADES DEPORTIVAS



O sendeirismo representa a opción máis tranquila de todas cantas se poden practicar en montaña, os excursionistas do Club percorren camiños ou sendeiros sinalados que serven de aproximación a enclaves con valores naturais, paisaxísticos ou culturais.

Os que dispoñen de máis tempo e certa experiencia, aventúranse en percorridos que transcorren por terreos de maior dificultade, cordais, pedregais, neveiros, etc., máis variados e con escasa ou nula sinalización, en actividades xeralmente de máis dunha xornada.



orientación, etc. Trátase dunha práctica de gran beleza, esixente física e mentalmente.

O alpinismo e a actividade referida a ascensión de grandes montañas e desenvólvese sobre diferentes terreos: neve, xeo, rocha, polo que conleva un elevado compromiso e precisa dun extenso coñecemento de numerosas técnicas específicas, ademais de meteoroloxía,



Unha actividade moi especial é a escalada en rocha que consiste na superación de paredes rochosas, requirindo o emprego de material para o aseguramento: corda, arnés, descenso... e de ancoradoiros: cravos, fisureiros...

A escalada deportiva, onde os ancoradoiros xa están colocados, consiste en cortas escaladas –entre 10 e 30 m– polo simple pracer de supera-la máxima dificultade posible.

A bicicleta de montaña permítenos percorrer longos traxectos polas pistas forestais, resultando unha actividade gratificante. Se a condición física e o dominio da técnica son axeitados, pódense superar empinados camiños e realizar descensos atrevidos.



As pendentes nevadas ofrecen a posibilidade de practicar o esquí, gozando dos seus particulares movementos: deslizamento, descenso, xiros, velocidade. En combinación co alpinismo temos o «esquí de montaña» que facilita o desplazamento sobre neves profundas, alternando ascensións, travesías e atractivos descensos por neve virxe.



A espeleoloxía defínese como o estudo e exploración das cavidades subterráneas.

Realmente é camiñar, reptar, trepar, baixar

por cordas, subir por escalas, ...por un lugar escuro que nós temos que iluminar. Entón ¿por qué ir ás covas? Descubrirás e coñecera-lo que se agacha dentro da terra: salas, galerías, ríos, lagos, estalactitas e estalagmitas, é o arte representada nunhas cavidades que tantos miles de anos levoulle formar á natureza. Traballarás en equipo e interesaráste polos seus aspectos científicos: topografía, xeoloxía, bioloxía, fotografía, etc.

O descenso pola canle do río, con neopreno e equipo necesario, constitúe un refrescante e divertido deporte que chamase "descenso de canóns" ou "descenso de barrancos".

Transitamos por espectaculares e solitarios lugares, baixando en ráppel por fervezas, deslizando nos por tobogáns, practicando saltos a pe en fondas pozas, nadar, ...e seguir ata o remate.



O mergullo atrae, tenta e esperta interese, é unha aventura constante e variada, cada inmersión é distinta, o sosego e o silencio embargan os sentidos, é outro mundo que te atraparás co seu encanto e o seu misterio. Poderás explorar algúns medios acuáticos con só unha máscara, tubo e aletas, practica-la pesca submarina ou facer visitas máis profundas e prolongadas co uso da botella e o seu equipo necesario.



Ven a Coñecernos!
¡AVENTURATE!

Montañas, fragas, prados, regatos, lagoas, rochas, covas, neve... farante apreciar cos cinco sentidos a súa beleza natural, pois constitúen magníficos lugares de recreo e aventura. Con nós descubrirás un novo punto de vista das montañas, do deporte, da natureza, da cultura e de todo o que os relaciona **! O sentir dos montañeiros!**

Club Montañeiros Celtras é unha entidade privada, de utilidade pública e sen ánimo de lucro. Entre os seus obxectivos sociais destacan o fomento da práctica dos deportes de montaña, en tódalas súas modalidades, e outras actividades ligadas ó seu entorno e á natureza en xeral, nos seus aspectos deportivo, científico, literario, artístico, cultural, educativo e ecolóxico

Adherido as seguintes federacións:

MONTANISMO

ESPELEOLOXIA

ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

DEPORTES DE INVIERNO

CLUB MONTAÑEIROS CELTRAS

HORARIO:

Martes a Venres de 19:00 a 21:30 h.

Ava. Camélias, 78, Oficina K - 36211 Vigo
Apartado de Correos 1836 - 36200 Vigo
Teléfono/Fax: 986 438 505

Internet: www.celtas.net
E-mail: info@celtas.net

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística
Edificio Administrativo San Caetano - SANTIAGO

Tódalas fotografías teñen como protagonistas a "montañeiros celtas".



XUVENTUDE

Organizamos e desenvolvemos actividades dirixidas ós nenos a partires de 8 anos. Unha das máis coñecidas é a "Operación Benxamin", que vense realizando tódolos anos dende 1968, orientada como unha iniciación ó montañismo e encamiñada a fomentar a afección ó deporte en plena Natureza e o respecto á mesma, consiste en saídas a montaña nas que se instrúe ós participantes en diversos temas: medio ambiente, convivencia, lendas e tradicións dos lugares visitados, montaxe de campamento, material de montaña, orientación, marchas, escalada, rapel, etc. O montañismo é unha actividade de tempo libre ideal para os rapaces.

ACTIVIDADES SOCIO-CULTURAIS

Como complemento indispensable á actividade deportiva, organizanse concursos literario e fotográfico, cursos de orientación, saídas monográficas de carácter ecolóxico e de coñecemento do medio natural, plantación de árbores, conferencias, charlas, tertulias, exposicións, proxección de diapositivas, vídeos, celebracións, etc..

PATRIMONIO

- O Club ten local en propiedade, consta de oficina, biblioteca-sala de reunións, cuarto de material e salón social. Nel celébranse actos e actividades sociais.
- Dispón de diverso material deportivo: alpinismo, escalada, esqui, espeleoloxía, mergullo.
- Tamén dispón de numerosas publicacións: libros, revistas e mapas.
- O Club conta con refuxios de montaña en: ALOIA, GALINEIRO e FARO DOMAIO